



Ámbito social

Unidade didáctica 2

Poboación e demografía

Índice

1. Programación da unidade	3
1.1 Encadramento da unidade no ámbito social	3
1.2 Descrición da unidade didáctica	3
1.3 Recursos didácticos.....	4
1.4 Temporalización	5
2. A poboación e o seu estudo.....	6
2.1 Para sabermos	6
2.2 Secuencia de actividades	10
3. As migracións na actualidade.....	21
3.1 Para sabermos	21
3.2 Vocabulario.....	23
3.3 Secuencia de actividades	26
4. O urbanismo	37
4.1 Recursos didácticos.....	37
4.2 Para sabermos	37
4.3 Secuencia de actividades	42
5. A complexidade e a diversidade social na actualidade	54
5.1 Para sabermos	54
5.2 Vocabulario.....	55
5.3 Secuencia de actividades	58

1. Programación da unidade

1.1 Encadramento da unidade no ámbito social

Módulo 1	▪ Bloque 1	– Unidade 1 – Unidade 2: Poboación e demografía
	▪ Bloque 2	– Unidade 3 – Unidade 4
Módulo 2	▪ Bloque 1	– Unidade 5 – Unidade 6
	▪ Bloque 2	– Unidade 7 – Unidade 8
Módulo 3	▪ Bloque 1	– Unidade 9 – Unidade 10
	▪ Bloque 2	– Unidade 11 – Unidade 12
Módulo 4	▪ Bloque 1	– Unidade 13 – Unidade 14
	▪ Bloque 2	– Unidade 15 – Unidade 16

1.2 Descrición da unidade didáctica

Nesta unidade estudaremos a poboación mundial: a súa dinámica natural, a súa evolución ao longo da historia e a súa distribución. Farase fincapé nas características demográficas actuais e estudarase o caso español e, máis concretamente, o caso galego. Ademais, faremos un especial estudo dos desprazamentos da poboación e do fenómeno histórico da emigración galega, das súas causas e consecuencias, e da situación actual. Asemade, inter-narémonos no novo fenómeno da inmigración a Europa e, máis concretamente, imos estudar a súa repercusión en España e en Galicia. Pasamos logo a centrarnos nos hábitats rural e urbano, prestándolle especial atención ao fenómeno do crecente urbanismo actual e ás súas consecuencias. Outro aspecto que imos trataremos é a transformación das sociedades actuais, incidindo nomeadamente no caso da sociedade tradicional galega.

Este apartado da poboación, do urbanismo e das sociedades actuais, dividímolos nas seguintes partes, distribuídas en 12 horas lectivas:

- Conceptos básicos de xeografía da poboación. Características da poboación mundial, evolución, distribución, movementos e futuro.
- A poboación como algo en continuo cambio.
- As tendencias demográficas actuais e as políticas de poboación. O urbanismo. Evolución e transformacións.
- As sociedades actuais.

É difícil comprender os problemas relacionados coa poboación se non se coñecen ben as nocións de matemáticas relacionadas coa proporción, polo que imos traballar os conceptos de taxas e porcentaxes, lembrándonos así os coñecementos matemáticos aprendidos. Estes coñecementos hanse reforzar coa realización de gráficas. É moi importante que o alumnado faga moitos exercicios para que comprenda non só a súa execución concreta, senón tamén o significado que os conceptos implicados teñen na vida cotiá das persoas. Os temas relacionados coa poboación teñen un vocabulario específico que ás veces se utiliza de xeito erróneo, polo que tamén imos incidir nestes conceptos (ao final inclúese un vocabulario específico).

1.3 Recursos didácticos

- **Libros de texto:** os libros de ciencias sociais de primeiro e terceiro de ESO son moi útiles para o estudo deste tema (Vicens Vives, Anaya, Santillana, Consorcio Editorial Galego, etc.).
- **Vídeos:** “Os cuartos da morte”, producido por Channel 4 e emitido en España por Documentos TV en 1995.
- **Cartográficos:** mapas murais (Vicens Vives), mapas xeográficos e temáticos para traballar na aula.
- **Power point:** na páxina web de CNICE ha poder atopar uns interesantes ficheiros en power point sobre a poboación e a súa evolución.
- **Películas:**
 - *As cartas de Alou*, dirección de Montxo Armendáriz, 1990.
 - *Flores doutro Mundo*, dirección de Iciar Bollaín, 1999.
 - *Cousas que deixei na Habana*, dirección de Manuel Gutiérrez Aragón, 1997.
 - *Un Franco, catorce pesetas*.
 - *A miña Familia*, dirección de Gregory Nava 1995.
 - *Quero ser coma Beckam*, dirección de Gurinder Chadha, 2002.
- **Enderezos de internet:** pode consultar en internet para obter información demográfica de carácter estatístico e de análise dos datos sobre a poboación mundial, por rexións e países.
 - Enderezos internacionais.
 - <http://www.acnur.org>. Páxina do Alto Comisionado das Nacións Unidas para os Refuxiados (ACNUR).
 - <http://www.bancomundial.org>. Páxina do Banco Mundial.
 - <http://www.unfpa.org>. Fondo de poboación das Nacións Unidas (FNUAP).
 - <http://www.ined.fr>. Instituto Nacional de Estudos Demográficos (INED) de Francia.
 - <http://www.measuredhs.com>. Programa de enquisas de demografía e saúde (DHS).
 - <http://www.iom.int>. Organización Internacional para as Migracións (OIM).
 - <http://www.popcouncil.org>
 - <http://www.jhuccp.org/popline/>. Programa de Información dobre Poboación (PIP).
 - <http://www.un.org/popin/>. División de Poboación das Nacións Unidas.
 - <http://www.un.org/Depts/unsd/statdiv.htm>. División de Estatística das Nacións Unidas.

- <http://www.census.gov/ipc/www/>. Oficina do Censo dos EEUU.
- <http://www.ibiblio.org/lunarbin/worldpop>. Reloxo da poboación mundial.
- Enderezos españois.
 - <http://www.ine.es>. Instituto Nacional de Estatística (INE).
 - <http://www.ige.xunta.es>, Instituto Galego de Estatística (IGE).
 - <http://recursos.cnice.mec.es/>. Ministerio de Educación, Política Social e Deporte.

1.4 Temporalización

A unidade didáctica impartirase en 12 horas lectivas, que se poden distribuír do seguinte xeito:

- A poboación e o seu estudo: tres horas.
- Pirámides de poboación: tres horas.
- As migracións: tres horas.
- O urbanismo e as sociedades actuais: tres horas.

2. A poboación e o seu estudo

2.1 Para sabermos

Nocións xerais

- Entendemos por poboación o número de persoas que habitan nun territorio. A poboación caracterízase polo seu dinamismo e está determinada por unha serie de factores (natalidade, mortalidade e migracións), que determinaron unha constante evolución da poboación ao longo da historia.
- Actualmente, no momento que se está a escribir este texto, a poboación do mundo é de 6,704,758,663 persoas, e está en constante crecemento. Para saber cantos habitantes ten o mundo no momento que vostede le estas liñas, pode visitar a páxina web Reloxo da Poboación, un servizo ofrecido pola Oficina do Censo dos Estados.
- A poboación distribúese dun xeito moi desigual: hai lugares moi poboados (Asia, que concentra o 60 % da poboación mundial, onde destacan China e a India; Europa e a costa Atlántica de América do Norte). Outras zonas, pola contra, son verdadeiros baleiros demográficos (zonas frías próximas aos polos, zonas desérticas, como o Sahara, Arabia, Kalahari etc., e as rexións cálidas húmidas próximas ao ecuador, como as concas do Congo e do Amazonas).
- Densidade de poboación: é a relación entre a poboación total dunha área e a súa superficie. Exprésase en habitantes por quilómetro cadrado e obtense dividindo a poboación total dun lugar entre a superficie media expresada en quilómetros cadrados.
- Existe unha serie de factores que explican a distribución da poboación: factores físicos e factores humanos.
- Ata hai pouco, a maioría da poboación vivía nas aldeas e nas vilas, dedicada á agricultura, á gandería e á pesca. A industrialización provocou a concentración da poboación nas cidades.
- A dinámica da poboación mundial está determinada polo crecemento vexetativo e polos movementos migratorios.
- A poboación mundial tivo un notable crecemento vexetativo no século XX, debido ao descenso da mortalidade (melloras hixiénico sanitarias, na alimentación, etc.). Este crecemento é na actualidade moi desigual. Nos países ricos é moi escaso, polas baixas taxas de natalidade: a fertilidade non alcanza 2,1 fillos por familia. Nos países pobres, o crecemento segue a ser alto, polas elevadas taxas de natalidade e a baixada das taxas de mortalidade. Neles existe moita poboación nova.
- A variación da poboación ao longo do tempo está determinada por dous movementos: o natural da poboación (diferenza entre a natalidade e a mortalidade) e os movementos migratorios.
- A natalidade: expresa o número total de nenos e nenas que nacen nun lugar concreto durante un ano. A natalidade analízase a través da taxa de natalidade e da taxa de fecundidade.
- Taxa de Natalidade (TN): relaciona o número de nacementos por cada mil habitantes coa poboación dun territorio.

$$TN = \frac{\text{Nenos e nenas que naceron nun ano} \times 1000}{\text{Poboación total}}$$

- Taxa de Fecundidade (TF): relaciona o número de nacementos por cada mil habitantes coa poboación feminina en idade fértil (15 a 49 anos).

$$TF = \frac{\text{Nenos e nenas que naceron nun ano}}{\text{Mulleres (15 a 49 anos)}} \times 1000$$

- A mortalidade indica o número total de persoas que morren nun lugar concreto durante un ano. A mortalidade analízase a través da taxa de mortalidade e da taxa de mortalidade infantil.
- Taxa de mortalidade: indica o número de persoas falecidas por cada mil habitantes respecto á poboación total dun lugar.
- Taxa de mortalidade infantil: relaciona o número de nenos e nenas que faleceron antes de cumprir un ano, por cada mil habitantes, co total de nados vivos nun territorio.
- Esperanza de vida: expresa a idade media que unha persoa pode vivir ao nacer. A esperanza de vida varía de países desenvolvidos (máis alta) a países subdesenvolvidos (máis baixa) e entre sexos (as mulleres viven menos nos países subdesenvolvidos e máis nos desenvolvidos).
- As migracións: son o conxunto de desprazamentos que realizan as persoas dun lugar a outro.
- O saldo migratorio é o resultado da diferenza entre o número de inmigrantes e o número de emigrantes.

- **Crecedemento natural ou vexetativo** = taxa de natalidade - taxa de mortalidade (pode ser positivo ou negativo).
- **Taxa de natalidade (TN)** = $\frac{\text{Persoas nadas nun ano}}{\text{Poboación total}} \times 1000$
- **Taxa de fecundidade (TF)** = $\frac{\text{Persoas nadas nun ano}}{\text{Mulleres (15-49 anos)}} \times 1000$
- **Taxa de mortalidade (TM)** = $\frac{\text{Persoas falecidas nun ano}}{\text{Poboación total}} \times 1000$
- **Taxa de mortalidade infantil (TMI)** = $\frac{\text{Persoas falecidas menores dun ano}}{\text{Total de persoas nadas}} \times 1000$
- **Saldo migratorio** = número de inmigrantes - número de emigrantes
- **Crecedemento real** = crecedemento natural + saldo migratorio

- As diferenzas entre a natalidade e a mortalidade entre países desenvolvidos e subdesenvolvidos obedece a factores socioeconómicos, culturais e políticos.
- Ao mesmo tempo, o crecedemento natural e vexetativo é diferente nos países desenvolvidos (crecedemento natural moi baixo, dun 0,3 %, xa que a natalidade é moi baixa) e nos países pobres (crecedemento natural moi alto, dun 2 % ou dun 3 %, debido ás altas taxas de natalidade e á baixada das taxas de mortalidade).
- Moitos gobernos intentan intervir na evolución da poboación dos seus países, polo que existen países desenvolvidos con políticas pronatalistas, entanto que algúns países pobres desenvolven políticas antinatalistas.

Teorías demográficas e crecemento da poboación

- A maioría das teorías demográficas defendían o beneficio que supuña o aumento da poboación. É Malthus o primeiro autor que, na súa obra Ensaio sobre a poboación (1798), expón a súa teoría de que a poboación do mundo medra xeometricamente, entanto que os alimentos e os outros recursos o fan aritmeticamente. Propuña a adopción de medidas para o evitar. Outros demógrafos seguiron as súas teorías.
- Desde o Paleolítico a poboación foi medrando de xeito fluctuante, debido ás crises de subsistencia e ás epidemias cíclicas. Pero coa revolución industrial produciuse un cambio de tendencia: as taxas de mortalidade descenderon polas melloras hixiénico-sanitarias e na alimentación, e as taxas de natalidade tardaron máis en decrecer. Entre 1900 e 1950 continuou aínda máis o aumento da poboación, que adquire características explosivas a partir de 1950.
- A explosión demográfica trae consigo problemas alimentarios, educativos e de vivenda, escaseza de recursos, contaminación, etc. Este fenómeno faise máis preocupante nos países menos desenvolvidos, onde a pobreza agudiza os problemas do crecemento da poboación.
- Deste xeito podemos establecer dúas zonas:
 - Norte (Europa occidental, América do norte, Xapón e Australia): un mundo desenvolvido e rico, cunha taxa de crecemento vexetativo media ou baixa, alta esperanza de vida e nivel económico alto.
 - Sur (Latinoamérica, África, sur de Asia, etc.): mundo non desenvolvido, pobre, con altas taxas de natalidade, alto crecemento vexetativo, esperanza de vida moi reducida e unha calidade de vida moi baixa.

As pirámides de poboación

- A pirámide de poboación ou pirámide de idades é a representación gráfica da poboación dun lugar nun momento determinado, en función do sexo e da idade. É a combinación de dous gráficos, un para os homes e outro para as mulleres, e está formado por:
 - Eixe vertical (ordenada): clasifícanse os grupos de idade de cinco en cinco anos. No derradeiro tramo agrúpanse os maiores de 85 anos.
 - Eixe horizontal (abscisa): colócanse os valores da poboación (cifras ou porcentaxes), á esquerda os homes e á dereita as mulleres.
 - Grupos de idade (barras): o total de homes e mulleres de cada grupo de idade represéntase cunha barra horizontal que parte da base da pirámide.
 - Datos ou cifras: para construír a pirámide pódense utilizar valores absolutos (total de homes e mulleres dunha idade determinada) ou valores relativos (porcentaxe de homes e mulleres dunha idade determinada sobre o total da poboación).
 - Partes da pirámide: a base, que se corresponde con grupos de idade entre 0 a 14 anos; o tronco, entre 15 e 64 anos; e o cumio, integrado por persoas anciás de máis de 65 anos.
- Perfís das pirámides:
 - Progresiva (ou expansiva). Ten forma de pagode, de base ancha e tronco e cumio estreitos. Este perfil triangular representa un rápido crecemento da poboación, altas taxas de natalidade e mortalidade, e baixa esperanza de vida. Correspóndese cos países subdesenvolvidos.
 - Estable. En forma de campá, correspóndese cunha poboación adulta, cunha base e un cumio estreitos e o tronco ancho. A poboación permanece estacionaria, aínda que tende ao avellentamento. É propia dos países en desenvolvemento.

- Regresiva. Ten forma de bulbo ou urna, con base moi estreita e cumio amplo, característica da poboación avellentada. Esta pirámide é propia dos países desenvolvidos. Ao ter menor proporción de xente nova prodúcese un avellentamento progresivo.

A poboación de España


- España non é un país moi poboado (45 millóns de habitantes), cunha densidade media baixa de 88 habitantes/km² (a media da Unión Europea é de 116 hab/ km²). A súa distribución é moi desigual: a costa e a Comunidade de Madrid están máis poboadas (densidade media de 120 habitantes por km²) e o centro do territorio está menos poboado (densidade media de 20 habitantes por km²). Isto débese ao desigual desenvolvemento económico. Dentro dunha mesma comunidade autónoma pode haber fortes desigualdades (caso de Galicia).
- A poboación española caracterízase por unha serie de trazos: o descenso constante da natalidade, a tendencia ao avellentamento, nomeadamente nas zonas rurais (o que xera maiores gastos sociais), aumento da esperanza de vida, maior número de mulleres que de homes (especialmente a partir dos 65 anos) e o impacto dunha inmigración cada vez máis crecente.
- A mortalidade diminuíu de xeito espectacular ao longo do século XX e a tendencia mantense favorecida por unha serie de factores (redución da mortalidade infantil e melloras na alimentación e hixiénico-sanitarias) que teñen moito que ver coa universalización da sanidade.
- A taxa de natalidade é moi baixa. Comezou a descender a partir de 1914, en paralelo ao desenvolvemento urbano e económico (é unha das máis baixas de Europa: 10,7 ‰). Esta baixada debeuse á incorporación da muller ao mundo laboral, ás dificultades económicas e á precariedade dos empregos, xunto coa falta de axudas para facer compatible o traballo da muller coas obrigas familiares e o alto prezo das vivendas. O lixeiro incremento da taxa de natalidade nestes últimos anos débese á chegada de poboación inmigrante, con taxas máis elevadas.

A poboación de Galicia

- A poboación de Galicia é de 2.730.000 habitantes, o que supón o 6,5 % da poboación española. A súa densidade é de 92,5 habitantes por km² e as áreas máis poboadas son as comarcas da franxa costeira atlántica. As provincias menos poboadas son as interiores (Lugo e Ourense), que presentan unha caída progresiva da poboación.
- Galicia caracterízase pola escasa vitalidade demográfica:
 - Caída constante da taxa de natalidade, polo avellentamento da poboación e polo descenso do número de fillos por muller.
 - Estabilidade da taxa de mortalidade e aumento da esperanza de vida, que provoca o avellentamento.
 - Crecemento natural da poboación negativo: as defuncións superan os nacementos, sobre todo nas zonas do interior de Lugo e de Ourense, onde en moitas poboacións (como Sober) a pirámide de poboación é invertida.
 - As taxas de mortalidade e de natalidade (10,37 ‰ e 7,2 ‰ respectivamente) fóronse reducindo ao longo do século XX. A composición por sexos amosa un predominio feminino, e por idades presenta un avellentamento. As persoas maiores de 65 anos supoñen xa un 20,24 ‰ da poboación galega.
 - Predomina o sector terciario.

2.2 Secuencia de actividades

- S1. Sinale nun mapa mudo as grandes zonas de concentración da poboación e os grandes baleiros demográficos. A que se debe esta distribución da poboación? Que factores explican este feito? Cales son os países máis poboados da Terra? E os menos?



- S2. Cos datos seguintes, determine as taxas de natalidade e mortalidade e o crecemento vexetativo de cada rexión. Unha vez obtidos os datos, pode facer unha análise comparativa do crecemento que existe no mundo por grandes rexións.

Rexións	Poboación en millóns	Persoas nadas	Persoas falecidas	Taxa de natalidade	Taxa de mortandade	Crecem. vexetativo
■ África	840	31.920.000	11.760.000			
■ Asia	3.766	75.320.000	26.362.000			
■ América do norte	319	4.461.538	2.868.132			
■ Iberoamérica	531	12.213.000	3.186.000			
■ Oceanía	32	576.000	224.000			
■ Europa	728	8.008.000	7.280.000			

- S3.** Fíxese nos datos da poboación española de 2007. Calcule as taxas de natalidade, mortalidade e mortalidade infantil, fecundidade e saldo migratorio.


Datos da poboación Española en 2006	
▪ Poboación total	44.708.964
▪ Persoas nadas	466.371
▪ Persoas falecidas	387.355
▪ Falecidas menores dun ano	1.765
▪ Mulleres en idade fértil	11.358.283
▪ Inmigrantes	682.711
▪ Emigrantes	68.011

- S4.** Explique como son a natalidade, a fecundidade e a mortalidade nos países desenvolvidos e nos subdesenvolvidos? Que problemas supón unha natalidade moi elevada nos países pobres? Que problemas trae consigo a baixa natalidade nos países ricos?

- S5. En que rexións a esperanza de vida é máis elevada? Por que? Que diferenzas hai na esperanza de vida de homes e mulleres entre os países pobres e os ricos? Por que?

- S6. Intente reunir información, coa axuda do seu profesor ou da súa profesora, da política de poboación seguida por China, a India e Francia. Explique en que consiste cada unha, as diferenzas e as posibles consecuencias futuras.

- S7. Explique a seguinte gráfica sobre a evolución da poboación mundial e conteste ás seguintes cuestións.



<ul style="list-style-type: none"> ■ Cando comezou a explosión demográfica? 	
<ul style="list-style-type: none"> ■ Como ha evolucionar a poboación nun futuro próximo? 	
<ul style="list-style-type: none"> ■ Como foi o crecemento da poboación mundial nos últimos cincuenta anos? 	

- S8.** Lea e analice os seguintes textos sobre os problemas do crecemento da poboación mundial. Procure datos en internet, coa axuda do seu profesor ou da súa profesora, e realice unha pequena análise dos resultados cos seus compañeiros e as súas compañeras da clase. Préstelles especial atención aos límites que ten o crecemento da poboación mundial.

A

Se a poboación da Terra continúa duplicando o seu número cada trinta e cinco anos (como o está a facer agora) cando chegue o ano 2600 terase multiplicado por 100.000 (...) A poboación alcanzará os 630.000.000.000 habitantes! O noso planeta só nos ofrecerá espazo para manternos de pé, pois se disporá unicamente de 3 cm² por persoa na superficie sólida, incluíndo Grenlandia e a Antártida. É máis, se a especie humana continúa multiplicándose ao mesmo ritmo, en 3550 a masa total de tecido humano será igual á masa da Terra.

Se hai os que ven un escape na emigración a outros planetas, terán materia abonda para alimentar eses pensamentos co seguinte feito: supoñendo que houbo un billón de planetas habitables no universo e se puidese transportar xente a calquera deles cando se considerase conveniente, tendo presente o actual ritmo de crecemento cuantitativo, cada un deses planetas quedaría abarrotado literalmente e só ofrecería espazo para estar de pé alá polo ano 5000. No 7000, a masa humana sería igual á masa de todo o universo coñecido!

Evidentemente, a raza humana non pode medrar durante moito tempo ao ritmo actual, prescindindo de canto se faga respecto á subministración de alimentos, auga, minerais e enerxía. E conste que non digo "non quererá", "non se atreverá" ou "non deberá": digo lisa e claramente "non pode".

Isaac Asimov, *Introdución á Ciencia*. Basic Books, 1973

B

“Se se manteñen as tendencias actuais de crecemento da poboación mundial, industrialización, contaminación ambiental, produción de alimentos e esgotamento dos recursos, este planeta alcanzará os límites do seu crecemento no curso dos próximos cen anos. O resultado máis probable sería un súbito e incontrolable descenso tanto da poboación coma da capacidade industrial”.

Meadows e outros, *Os límites do crecemento*. 1972

C

SOBRE A RESTRICIÓN MORAL E A NOSA OBRIGA DE PRACTICAR ESTA VIRTUDE

“Como resulta que na situación de todas as sociedades que revisamos o progreso natural da poboación foi constante e poderosamente controlado, e como parece evidente que ningunha forma de goberno, nin plans de emigración, nin institucións de benevolencia, nin grao ningún nin dirección da industria nacional pode impedir a acción continuada dun grande control sobre a poboación nun xeito ou noutro, dedúcese que debemos someternos a el como unha inevitable lei da natureza; e a

única pregunta que permanece é como pode exercerse ese control co menor prexuízo posible á virtude e á felicidade da sociedade humana.

Todos os controis inmediatos de poboación que se observa que prevaleceron neste ou en diferentes países parecen poderse resumir en restrición moral, vicio e miseria; e se a nosa elección está confinada a eses tres, non podemos vacilar máis tempo na nosa decisión respecto a cal debería elixirse para incentivar”.

Malthus, *Ensaio sobre o Principio de Poboación*. 1798

S9. Defina os seguintes conceptos:

<ul style="list-style-type: none">▪ Poboación absoluta	
<ul style="list-style-type: none">▪ Crecemento natural da poboación	
<ul style="list-style-type: none">▪ Densidade de poboación	
<ul style="list-style-type: none">▪ Migracións	
<ul style="list-style-type: none">▪ Pirámides de idades	
<ul style="list-style-type: none">▪ Réxime demográfico	
<ul style="list-style-type: none">▪ Taxa de mortalidade	
<ul style="list-style-type: none">▪ Taxa de mortalidade infantil	
<ul style="list-style-type: none">▪ Esperanza de vida	
<ul style="list-style-type: none">▪ Taxa de fecundidade	


- S10.** Analice os seguintes datos de evolución das taxas de poboación en España. Que factores favoreceron o descenso da mortalidade xeral e da natalidade?

Anos	Taxa de natalidade (‰)	Taxa de mortalidade (‰)
■ 1901-1910	24,4	34,5
■ 1951-1955	9,8	20,3
■ 1976	18,85	8,32
■ 1981	14,12	7,77
■ 1986	11,37	8,04
■ 1991	10,15	8,65
■ 1997	9,20	8,85
■ 1998	9,19	9,09
■ 2000	8,7	9,8
■ 2004	8,7	10,7

- S11.** Cal é a densidade de poboación de España? Que características presenta a distribución da poboación española? Onde se concentran as zonas máis poboadas de España ? E as de menos poboación?

S12. Explique a que se debe o progresivo avellentamento da poboación. Que países sofren de xeito máis acusado o avellentamento demográfico. Que repercusións pode ter o avellentamento da poboación mundial?

S13. Analice e compare as seguintes pirámides de idades.



<ul style="list-style-type: none"> ■ Formato das pirámides 	
<ul style="list-style-type: none"> ■ Como son as bases? 	
<ul style="list-style-type: none"> ■ Os grupos de poboación vella son numerosos ou reducidos? 	
<ul style="list-style-type: none"> ■ Hai diferenzas entre os grupos de idades novas e adultas? 	
<ul style="list-style-type: none"> ■ Hai maior número de homes anciáns ou de mulleres? Por que? 	
<ul style="list-style-type: none"> ■ Hai diferenzas entre a poboación masculina e feminina? 	

- Pode apreciar algunha diferenza salientable entre unha e outra?

S14. Realice a pirámide de idades de España do ano 2007 e comente os datos.

Poboación española (datos a 1 de xaneiro de 2008)			
	Ambos os sexos	Varóns	Mulleres
■ Total	45.283.259	22.356.882	22.926.377
– 0 a 4 anos	2.364.938	1.216.929	1.148.009
– 5 a 9 anos	2.170.521	1.115.136	1.055.385
– 10 a 14 anos	2.084.077	1.069.789	1.014.288
– 15 a 19 anos	2.285.278	1.174.704	1.110.574
– 20 a 24 anos	2.785.246	1.423.862	1.361.384
– 25 a 29 anos	3.649.554	1.881.578	1.767.976
– 30 a 34 anos	4.038.981	2.095.927	1.943.054
– 35 a 39 anos	3.826.264	1.970.499	1.855.765
– 40 a 44 anos	3.609.867	1.829.616	1.780.251
– 45 a 49 anos	3.281.994	1.641.850	1.640.144
– 50 a 54 anos	2.824.951	1.397.402	1.427.549
– 55 a 59 anos	2.523.032	1.233.366	1.289.666
– 60 a 64 anos	2.318.248	1.116.042	1.202.206
– 65 a 69 anos	1.898.150	894.485	1.003.665
– 70 a 74 anos	1.878.485	847.599	1.030.886
– 75 a 79 anos	1.661.718	706.811	954.907
– 80 a 84 anos	1.164.951	450.739	714.212
– 85 e máis anos	917.004	290.548	626.456

- Forma da pirámide. Que tipo de poboación predomina?

- Que irregularidades detecta na estrutura por sexo e idade?


- Que factores interveñen na evolución da poboación española?

S15. Analice a seguinte táboa, realice unha gráfica de barras cos datos e explique as súas conclusións.

Estrutura da poboación por grandes grupos de idade (España 1900-2001)				
Ano	0 a 14	15 a 64	65 e máis	Índice de vellez *
1900	33,52 %	61,28 %	5,20 %	16
1910	33,97 %	60,50 %	5,53 %	16
1920	32,33 %	61,97 %	5,71 %	18
1930	31,67 %	62,23 %	6,10 %	19
1940	29,95 %	63,52 %	6,53 %	22
1950	26,23 %	66,54 %	7,23 %	28
1960	27,40 %	64,38 %	8,22 %	30
1970	27,79 %	62,54 %	9,67 %	35
1981	25,70 %	63,05 %	11,24 %	44
1991	19,44 %	66,74 %	13,82 %	71
1996	16,04 %	68,34 %	15,62 %	97
2001	14,52 %	68,44 %	17,04 %	117
2006	14,59 %	68,81 %	16,70 %	115

* Índice de vellez: persoas de 65 e máis anos por cada 100 persoas de menos de 15 anos.

S16. Analice e compare as pirámides de idades da poboación española.



■ Forma das pirámides

<ul style="list-style-type: none"> Como son as bases? 	
<ul style="list-style-type: none"> Os grupos de poboación vella son numerosos ou reducidos? 	
<ul style="list-style-type: none"> No grupo de idades hai diferenzas? Atopa algunha evolución? 	
<ul style="list-style-type: none"> Hai maior número de homes anciáns ou de mulleres? Por que? 	
<ul style="list-style-type: none"> Hai diferenzas entre a poboación de sexo masculino e feminino? 	
<ul style="list-style-type: none"> Pode apreciar algunha diferenza importante entre unha e outra? 	

S17. Explique como evolucionou a poboación española no último século e como evolucionaron as súas taxas de natalidade, mortalidade, esperanza de vida, etc.

S18. Analice a evolución da poboación galega durante o último século e como evolucionaron as súas taxas de natalidade, mortalidade, esperanza de vida etc.

S19. Sinale tres trazos que caracterizan a poboación galega na actualidade.

S20. Que zonas de Galicia presentan maior dinamismo demográfico? Que consecuencias ten o avellentamento da poboación galega na actualidade?

S21. Realice unha gráfica de barras cos seguintes datos de poboación e analice os resultados.

	1910	1920	1930	1940	1950	1960	1970	1981	1991	2007
<i>Sober</i>	9.352			10.022			6.818		3.681	2.895
<i>Vigo</i>	23.259	53.100	65.012	85.272	137.873	144.914	197.144	258.724	278.050	294.772

3. As migracións na actualidade

3.1 Para sabermos

As migracións

- Débense ás desigualdades entre os países. A pobreza e mais a falta de traballo obrigan moitas persoas a deixar o seu país de orixe e a procurar lugares para traballar e vivir.
- Cada día, milleiros de persoas emigran e non todos os países viven de igual xeito estes desprazamentos: algúns son países receptores de inmigración e outros son emisores de emigrantes.
- Segundo a duración, as migracións poden clasificarse en:
 - Estacionais.
 - Transitorias.
 - Definitivas.
- Segundo a formación dos emigrantes podemos diferenciar:
 - Emigración cualificada.
 - Emigración sen formación.
- Segundo a súa situación laboral e política, os emigrantes poden ser:
 - Inmigrantes legalizados.
 - Refuxiados.
 - Indocumentados (ou sen papeis).
- Polo lugar de desprazamento hai dous tipos de inmigración:
 - Inmigración nacional.
 - Inmigración internacional.

As rutas das migracións

- A globalización afondou máis as diferenzas entre os países pobres e os ricos, e estas diferenzas son hoxe o principal motor dos fluxos migratorios.
- Ata hai pouco, países desenvolvidos ou en vías de desenvolvemento organizaban a inmigración pola necesidade de man de obra barata para facer os traballos menos cualificados. Actualmente, moitos destes países puxeron un límite á emigración e intentan legalizala. Pero moitos inmigrantes seguen a acudir a estes países sen permisos legais de traballo (son os “sen papeis”).
- En Europa, desde a caída do comunismo, prodúcese unha forte afluencia de inmigrantes do leste cara ao occidente europeo. Para os cidadáns dalgúns países que entraron na UE é máis doado, xa que teñen documentación legal para se desprazar polo territorio da UE.
- Existe tamén unha migración de persoal moi cualificado e con forte nivel económico (directivos de empresas, técnicos, investigadores, xubilados, etc.).
- Existen zonas que supoñen un forte foco de atracción de poboación: Europa occidental, América do norte, Australia, Xapón e países do Golfo Pérsico.

- Países emisores de emigración son a China, a India, Paquistán, as illas Filipinas, os países do sueste asiático, México, os países de América central e do sur, o Magreb e numerosos países da África subsahariana.

Consecuencias das migracións

- As migracións internacionais teñen importantes consecuencias económicas:
 - Parte dos aforros dos emigrantes transfírense aos países de orixe, que ven favorecida a súa economía e o seu desenvolvemento.
 - Os países de destino teñen abundante man de obra para a súa economía, polo que aumenta o seu desenvolvemento. A economía reactivase, pagan impostos e transfórmanse nun novo grupo consumidor que dinamiza a economía.
- Consecuencias sociais e culturais da inmigración:
 - A inmigración cualificada beneficia o país receptor e prexudica o país emisor.
 - Nalgúns países avellentados modifican as pautas demográficas, xa que incrementan as taxas de natalidade (caso actual de España e, nomeadamente, de Galicia).
 - Os emigrantes novos teñen xeralmente máis fillos, o que inflúe no incremento das taxas de natalidade.
 - A inmigración permite o contacto entre diversas culturas, o que favorece a diversidade cultural e o intercambio.
- Efectos da globalización:
 - A información global inflúe no fluxo de poboación dos países pobres aos ricos.
 - Países que sempre foron de emigración convértense agora tamén nun foco de atracción de inmigrantes, como é o caso de España e, máis concretamente, de Galicia.
- As migracións ilegais
 - Os fluxos ilegais de inmigrantes cada vez son maiores e levan á creación de mafias para as que son un negocio moi rendible. Segundo os datos da ONU, en 2004 este negocio xerou 7.500 millóns de dólares.

As migracións en España

España foi tradicionalmente un lugar de emigrantes (durante séculos emigrouse a América latina e a Europa), pero producíronse algúns cambios significativos:

- A emigración a Latinoamérica iniciase con maior fluidez a mediados do século XIX e incrementase no século XX, ata finais da década dos 50 (países novos como Arxentina, Cuba, o Brasil e, posteriormente, Venezuela demandaban man de obra pouco cualificada).
- A partir da década dos 50, iniciase a emigración cara aos países de Europa occidental en plena expansión económica, como Alemaña, Suíza ou Francia. Era unha emigración eminentemente rural e temporal.
- A partir de 1974 comeza un proceso de retorno de moitos emigrantes debido á crise económica.
- Durante os séculos XIX e XX iniciouse o éxodo de poboación rural cara ás cidades industriais (Barcelona, Madrid, País Vasco e Valencia). A poboación foise concentrando na súa periferia, atraída polo desenvolvemento industrial desde mediados do século XIX.
- A partir da década de 1950 intensifícase o éxodo rural cara aos grandes núcleos industriais, o que provocou un avellentamento das áreas rurais e unha renovación das urbanas.

Hoxe, España converteuse nun país de inmigrantes, onde viven máis de tres millóns e medio de estranxeiros, o que supón case o 10 % da poboación total.

- Homes, mulleres e os seus descendentes veñen na procura dun traballo, en moitas ocasións como emigración clandestina e chea de dificultades.
- Existe un tipo de inmigrantes que son xubilados de países do norte de Europa e que procuran un clima benigno.
- Existe tamén unha serie de inmigrantes que son persoas de grande cualificación laboral.

Actualmente en España o número de inmigrantes supera o dos emigrantes. Algunhas consecuencias deste feito:

- Desde 1985 a inmigración ten un papel crecente.
- Proveñen de América latina, países do leste europeo, do norte de África e da África subsahariana (man de obra non cualificada). Ademais existe unha inmigración dos países do norte europeo formada por xubilados e profesionais cualificados.
- Contribúen ao crecemento da poboación: dos máis dos 45 millóns de habitantes que ten España, máis de catro millóns son estranxeiros (o 10 % da poboación). Isto débese en parte á alta taxa de fecundidade da poboación inmigrante, o que frea o avellentamento da poboación xeral, enche as escolas e asegura a poboación activa necesaria para o futuro.
- A poboación inmigrante traballa sobre todo na agricultura e no sector de servizos (tarefas domésticas, coidado de dependentes, ao que se dedica a maior parte das mulleres inmigrantes, servizos de restauración, vixilancia urbana, etc.). Perciben salarios baixos e moitas veces carecen de papeis.
- Contribúen a manter o sistema de pensións, a seguridade social e a educación, xa que pagan os seus impostos.
- A chegada de inmigrantes pode en ocasións provocar problemas de integración, debido ás diferenzas culturais. En momentos de crise, eses problemas dispáranse. Os emigrantes atopan dificultades para atoparen vivendas ou para se integraren na sociedade. Os máis novos teñen problemas de integración nas escolas e no sistema educativo.

As migracións en Galicia

- Galicia foi tradicionalmente un país de emigrantes (ata 1950 predominou a emigración cara a América e, a partir dos anos 60, a Europa: Alemaña, Francia e Suíza).
- Ao mesmo tempo, produciuse un éxodo desde as zonas rurais cara ás cidades galegas, cara á costa e cara ás cidades industriais do resto de España (Barcelona, Madrid e Bilbao).
- Actualmente, o movemento emigratorio, aínda que non desapareceu totalmente, freouse e Galicia comezou a vivir un novo fenómeno: a recepción de inmigrantes procedentes de Latinoamérica, norte de África, África subsahariana e países de Europa do leste.

3.2 Vocabulario

- **Demografía:** vén do grego “*demos*” (pobo) + “*graphie*” (estudo). Xa que logo, a demografía é o estudo científico da poboación humana, incluíndo o seu tamaño, a composición, a distribución, a densidade, o crecemento e as consecuencias dos cambios experimentados. A demografía é unha ciencia.

- **Poboación:** é o conxunto de persoas que viven nun territorio.
- **Poboación absoluta:** é o número total de persoas que habitan un territorio.
- **Fertilidade:** é a capacidade biolóxica de ter descendencia. Dicimos que unha persoa é fértil se pode ter fillos.
- **Fecundidade:** é un termo demográfico que se refire á procreación real dun individuo ou dun grupo. Como resultado dunha mala tradución do inglés, ás veces confúndense os termos fertilidade e fecundidade, xa que en inglés o seu significado crúzase coas palabras galegas. A palabra inglesa *fertility* equivale a fecundidade en galego; e *fecundity*, a fertilidade.
- **Emigrante:** é a persoa que marcha do seu lugar habitual de residencia.
- **Inmigrante:** é a persoa que procede ou chega doutro territorio.
- **Ilegal:** chámanse ilegais as persoas emigrantes que non teñen permiso de traballo. É máis axeitado dicir estranxeiros indocumentados ou sen papeis.
- **Refuxiados:** son persoas que, como consecuencias de guerras ou de persecucións políticas, teñen que se desprazar a outros países.
- **Pirámide de poboación:** é un gráfico que representa a estrutura da poboación por idades e sexos.
- **Natalidade:** expresa o número total de nenos e nenas que nacen nun lugar concreto durante un ano. A natalidade analízase a través das taxas de natalidade e da taxa de fecundidade.
- **Mortalidade:** indica o número total de persoas que morren nun lugar durante un ano. A mortalidade analízase a través das taxas de mortalidade e de natalidade (TN).
- **Políticas pronatalistas:** as desenvolvidas polos estados que favorecen a natalidade (permisos de maternidade e paternidade, creación de escolas infantís, bolsas a familias numerosas, etc.).
- **Políticas antinatalistas:** as que intentan reducir os nacementos (campañas de planificación familiar, control do número de fillos –caso de China-, etc.).
- **Taxa de natalidade (TN):** relaciona o número de nacementos durante un ano por cada mil habitantes coa poboación dun territorio.
- **Taxa de fecundidade (TF):** relaciona o número de nacementos por cada mil habitantes coa poboación feminina en idade fértil (15 a 49 anos)
- **Crecedemento natural ou vexetativo:** = taxa de natalidade - taxa de mortalidade (pode ser positivo ou negativo).
- **Mortalidade:** indica o número total de persoas que morren nun lugar durante un ano. Analízase a través das taxas de mortalidade e de mortalidade infantil.
- **Taxa de mortalidade:** indica o número de persoas falecidas por cada mil habitantes respecto ao total da poboación dun lugar.
- **Taxa de mortalidade infantil:** relaciona o número de nenos e nenas que falecen antes de cumprir un ano de idade por cada mil habitantes co total de nados vivos nun territorio.
- **Esperanza de vida:** expresa a idade media que unha persoa pode vivir ao nacer. A esperanza de vida varía dos países desenvolvidos (máis alta) aos países subdesenvolvidos (máis baixa) e entre sexos (as mulleres viven menos nos países subdesenvolvidos e máis nos desenvolvidos).
-

- **Migracións:** son o conxunto de desprazamentos que realizan as persoas dun lugar a outro.
- **Saldo migratorio:** é o resultado da diferenza entre o número de inmigrantes e o número de emigrantes.
- **Crecedemento real** = crecedemento natural + saldo migratorio.
- **Densidade de poboación:** relación entre a poboación total dunha área e a súa superficie. Exprésase en habitantes por quilómetro cadrado.
- **Pirámide de poboación** ou pirámide de idades: representación gráfica da poboación dun lugar nun momento determinado, en función do sexo e da idade.
- **Saldo migratorio positivo:** prodúcese cando o número de inmigrantes que chega a un país é maior que o número de emigrantes.
- **Saldo migratorio negativo:** prodúcese cando o número de emigrantes é superior á cantidade de inmigrantes que recibe.
- **Porcentaxe:** exprésase co signo %. Cando dicimos que o 58 % da poboación dun territorio traballa no sector de servizos significa que de cada 100 persoas, 58 traballan neste sector.
- **Tanto por mil:** exprésase co signo ‰. Cando dicimos que nos países pobres a taxa de mortalidade infantil é do 98 ‰ quere dicir que de cada mil nenos e nenas que nacen, morren 98.

3.3 Secuencia de actividades

S22. Defina os seguintes conceptos:

▪ Migración	
▪ Emigración	
▪ Inmigración	

S23. Que é o movemento natural da poboación? Que factores interveñen?

▪ Definición	
▪ Factores	

S24. Que é unha pirámide de poboación?

--

S25. Por que motivos os países de Europa son o destino escollido por grande cantidade de inmigrantes?


--

S26. Que consecuencias positivas poden derivarse da chegada de inmigrantes a España?

S27. Analice as seguintes táboas. Realice dúas gráficas de barras, analíceas e compare os resultados.


Emigración española ao exterior 1887-1981			
Anos	Total emigración	América	Europa
1887	287.399	179.336	1.389
1897	882.872	638.610	22.295
1900	163.778	110.877	4.836
1910	1.061.965	823.844	20.540
1920	1.272.211	1.050.772	44.948
1930	860.455	719.233	16.494
1940	245.697	127.080	16.466
1950	257.318	151.527	8.117
1960	649.039	499.120	37.026
1970	918.149	173.902	73.1547
1980	507.951	34.577	46.2820

Poboación estranxeira en España		
Ano	Estranxeiros censados	Porcentaxe do total
1981	198.042	0,52 %
1986	241.971	0,63 %
1991	360.655	0,91 %
1996	542.314	1,37 %
1998	637.085	1,60 %
2000	923.879	2,28 %
2001	1.370.657	3,33 %
2002	1.977.946	4,73 %
2003	2.664.168	6,24 %
2004	3.034.326	7,02 %
2005	3.730.610	8,46 %
2006	4.144.166	9,27 %
2007	4.519.554	9,99 %



S28. Realice un mapa en que se reflicta a procedencia da inmigración a España. Analice as causas do abandono dos seus países de orixe.

Inmigración en España ano 2006	
Procedencia	Poboación
Marrocos	56.3012
Ecuador	46.1310
Colombia	26.5141
Arxentina	150.252
Bolivia	139.802
China	104.681



S29. A que chamamos país receptor de inmigración? E país emisor?

■ Receptor	
■ Emisor	

S30. Explique os factores que determinan as migracións e os seus efectos económicos.

--

S31. Que consecuencias económicas teñen as migracións nos lugares de orixe? E nos de destino?

■ Lugares de orixe	
■ Lugares de destino	

S32. Como pode influír a chegada de inmigrantes nas características demográficas dun país?

--

S33. Como lle afecta a globalización ao fenómeno migratorio?



S34. Debuxe un mapa do mundo intente reflectir os fluxos migratorios actuais.

- Pinte de cor amarela os países e as rexións que reciben inmigrantes.
- Pinte de cor azul os países e as rexións que emiten emigración.

- Debuxe aquí o mapa:



<ul style="list-style-type: none">▪ Cales son as encrucilladas máis importantes nos movementos migratorios?	
<ul style="list-style-type: none">▪ Cales son os principais focos emisores de poboación? E os receptores?	
<ul style="list-style-type: none">▪ Cara a onde se dirixen os emigrantes dos países do sur? E os de Europa do leste? En que situación se achán para teren que emigrar?	


<ul style="list-style-type: none"> Como é a poboación emigrante nos países desenvolvidos? 	
<ul style="list-style-type: none"> Que significa “refuxiado”? 	
<ul style="list-style-type: none"> E “sen papeis”? 	

S35. Observe a seguinte gráfica e conteste: que país é o preferido para emigrar? Por que?

País	Emigrantes residentes (millóns)	Porcentaxe do total mundial
Estados Unidos	38,4	20,2 %
Rusia	12,1	6,4 %
Alemaña	10,1	5,3 %
Francia	6,5	3,4 %
Arabia Saudita	6,4	3,3 %
Canadá	6,1	3,2 %
India	5,7	3 %
Reino Unido	5,4	2,8 %
España	4,8	2,5 %

S36. Que é o éxodo rural?


S37. Explique brevemente a evolución histórica das migracións en España.



S38. Procure información nos xornais sobre actitudes de rexeitamento aos inmigrantes e analice por que se producen.




S39. Observe o mapa de España e analice a localización espacial da poboación estranxeira.




<ul style="list-style-type: none"> En que comunidades residen máis estranxeiros? A que se debe? 	
<ul style="list-style-type: none"> En que comunidades hai un menor número de inmigrantes? 	

S40. Comente as seguintes fotografías. Procure información sobre os “costas molladas” nos EEUU e as barcas de inmigrantes africanos que están a chegar ao sur de España, e analice na clase estes fenómenos. Faga un pequeno debate sobre este problema.

 <p><small>Imaxe de los tripulantes de "La Elvira" a su llegada a Puerto de Guaymas, Venezuela, en Mayo 1949</small></p> <p>Apresados en Venezuela 160 inmigrantes ilegales Canarios</p>		
---	---	--

- S41.** Explique brevemente a evolución histórica da emigración en Galicia. Procure información coa axuda do seu profesor ou da súa profesora. Analice este fenómeno na clase e compáreo coa necesidade de emigrar que teñen as xentes doutros países na actualidade.



- S42.** Procure información na secretaría do seu centro de persoas adultas sobre a cantidade de alumnado estranxeiro que hai nel, e sobre a súa procedencia. Vaia á oficina do censo do seu concello e trate de buscar información sobre o número de inmigrantes no concello e a súa procedencia.



- S43.** Comente cos seus compañeiros e coas súas compañeras a seguinte fotografía e o seguinte poema, e procure un paralelismo coa situación actual.



A emigración

...Que aquel que deixa o seu natal curruncho
e fóra dos seus eidos pon os pés,
cando troca o seguro polo incerto,
motivos ha de ter!

Preguntaille, e diravos que sen rego
o milleiral, o lume sen cardés
sen herba o gando e sen traballo o home
non se poden manter.

...e havos dicir que hoxe, alá moi lonxe,
alén do mar que o vai tragar tal vez,
se libertá, se pan non logra, santa
tumba terá sequer...

...Que lle ofrecedes na nativa terra
a ese que a cruzar vai mares de fel?
Resignación? - Con ela non se come...
Fe? - Non lle basta a fe!...


Correde o velo que a Xustiza encobre!
Daille traballo, libertá, saber ...
Non é digna dos ósos dos seus fillos
Patria que os non mantén!

Din que como o Miño, o noso pobo
na terra onde nace quer morrer;
pero o sono do río é sosegado
e o deste non o é.

Manuel Curros Enríquez. *Aires da Miña Terra*


S44. Analice a seguinte pirámide de poboación.

PIRÁMIDE DE POBOACIÓN DE ESTRANXEIROS CENSADOS EN ESPAÑA ANO 2007



Exercicios de ampliación

- Comente as seguintes pirâmides e compare os seus datos.



4. O urbanismo

Esta parte da unidade didáctica dedícase ao estudo do urbanismo e das estruturas sociais actuais. Non presenta dificultade, pero conta cun vocabulario específico que cómpre aprender. Xa que logo, imos incidir novamente na definición de conceptos e na interpretación de gráficas.

4.1 Recursos didácticos

- Enderezos de internet: pode consultar en internet para obter información sobre as cidades e o fenómeno do urbanismo en xeral, tanto de carácter estatístico como de análise deste fenómeno a nivel mundial, por rexións e por países. Hai dispoñible moita información gráfica: planos, fotografías e imaxes. Ademais, pode localizarse información sobre o urbanismo da súa cidade ou vila.
 - Enderezos internacionais:
 - <http://www.citypopulation.de/cities.html>
 - <http://maps.google.es/maps>
 - <http://www.world-gazetteer.com>
 - http://www.lib.utexas.edu/maps/map_sites.html
 - <http://www.unesco.org/>
 - Enderezos españois:
 - <http://www.ine.es>. Instituto Nacional de Estadística (INE).
 - <http://www.ige.xunta.es>. Instituto Galego de Estadística (IGE).
 - <http://ovpm.org>
 - <http://recursos.cnice.mec.es/>

4.2 Para sabermos

Nocións xerais

- O urbanismo é un fenómeno típico do século XX: ata mediados do século XX, a maior parte da poboación vivía no campo, pero na actualidade máis da metade desa poboación vive en cidades que non deixan de crecer.
- O hábitat: son os espazos habitados. Existen dous tipos de hábitats: o rural e o urbano.
 - Hábitat rural: a poboación vive no campo, en poboamentos dispersos ou concentrados.
 - Hábitat urbano: a poboación vive nas cidades. Os aspectos que definen unha cidade son o seu tamaño, a densidade de poboación e de edificación, e as actividades económicas da poboación (sector secundario e de servizos).
- O plano urbano permítenos coñecer como é a cidade internamente e como se distribúen as rúas, os edificios, as prazas, os parques, etc.
 - Plano irregular: crecemento urbano non planificado.
 - Plano regular: crecemento planificado, regular e ordenado (plano ortogonal ou radiocéntrico).

- As cidades teñen unha estrutura: están divididas en zonas residenciais, zonas de servizos (localizados no centro urbano) e zonas industriais.
- O proceso de urbanización acelerouse a partir da revolución industrial. Se en 1800 o 3 % da poboación mundial vivía nas cidades, en 1950 xa era o 30 %. Na actualidade, máis do 50 % da poboación mundial vive nas cidades, nun proceso urbanización que non ten freo.
- Nos países desenvolvidos o índice de urbanización é maior: o 75 % dos seus habitantes viven nas cidades. Nos países desenvolvidos só vive nelas o 40 %, pero o proceso é cada vez máis intenso e en 2017 pénsase que vivirá nas cidades dos países pobres máis da metade da súa poboación.
- A maioría das cidades son pequenas, con menos de 500.000 habitantes, pero cada vez existen máis megacidades, que son aquelas que teñen máis de 10 millóns de habitantes. En 1950 só Nova York superaba os 10 millóns de habitantes; no ano 2000 había 19 que superaban esa cifra, e no ano 2015 serán 26, das que 20 estarán en países subdesenvolvidos.
- Tokio é a cidade máis grande do mundo: nela e nos seus arredores viven máis de 35 millóns de habitantes.
- As cidades crecen e forman extensas áreas urbanas: son as áreas metropolitanas, conurbacións e megalópoles.

A rede urbana mundial

- As cidades relaciónanse entre elas formando unha rede urbana. Existe unha xerarquía entre as cidades: metrópoles mundiais, nacionais e rexionais, e cidades máis pequenas.

As cidades nos países subdesenvolvidos

- Caracterízanse polos fortes contrastes que obedecen ás diferenzas de riqueza: zonas residenciais, de chabolas, etc. Ás veces mestúranse culturas e tradicións propias coas de orixe europea.
- O crecemento urbano nos últimos anos foi enorme e descontrolado, o que xerou bolsas de pobreza, barrios marxinais, falla de vivendas dignas e de servizos, paro, marxinação social, pobreza, contaminación, etc.

As cidades nos países desenvolvidos

- As cidades europeas parten dun centro antigo que se foi expandindo, cun alargamento na súa periferia. As cidades de Norteamérica e Canadá posúen un plano ordenado e ortogonal.
- Os problemas destas cidades son o elevado prezo das vivendas, o tráfico, a contaminación, a degradación de barrios pola pobreza, a marxinação e a delincuencia.

A globalización e o espazo urbano

- A globalización transformou o espazo urbano e favoreceu a aparición de grandes cidades globais onde se atopan os principais bancos, os grandes mercados financeiros e as industrias. Nelas teñen lugar intercambios internacionais de información e tecnoloxía.
- As principais cidades globais do mundo son Tokio, Nova York e Londres (outras son Hong Kong, Osaka, Frankfurt, París, Os Ánxeles, etc.).

- Estas cidades caracterízanse pola forte urbanización (rañaceos), polas novas infraestruturas de transportes e as rápidas redes de telecomunicación.
- Xa que logo, existe unha rede global de cidades cuxo centro é unha delas.

A cidade difusa e as áreas metropolitanas

- Trátase dun territorio formado por unha grande metrópole e un conxunto de núcleos urbanos menores próximos a ela.
- A cidade difusa caracterízase por organizar as actividades en función das necesidades da metrópole. Medra por mor do alto prezo do solo nas grandes cidades. Está ben conectada mediante unha ampla rede de transporte.
- Supón inconvenientes, como que ocupa moito solo, que a poboación sofre unha grande mobilidade, e que a convivencia social é individualista.

Os problemas industriais do urbanismo

- Salientan a deforestación, a escaseza de espazos verdes, a dificultade para o acceso á auga, a contaminación e as grandes cantidades de residuos tóxicos.

O proceso de urbanización en España

A cidade preindustrial

A urbanización en España levouse a cabo en varias etapas:

- Os primeiros núcleos urbanos datan do século IX a.C (colonias fenicias e gregas, xunto con núcleos indíxenas).
- No século II a.C. comeza a estenderse unha rede urbana de cidades romanas comunicadas por un sistema de calzadas.
- Na Idade Media existe unha regresión das cidades na zona cristiá e un mantemento e unha vitalidade na zona musulmá de Al-Andalus.
- No camiño de Santiago desenvolveuse unha importante rede de cidades.
- No Renacemento (séculos XV e XVI) as cidades medran superando os núcleos medievais. Constrúense prazas de planta regular e edificios novos, como casas de concello, hospitais, pazos e conventos.
- O século XVIII e a ilustración traen un novo concepto urbano, con paseos rectilíneos embelecidos con edificios monumentais. Planéanse novas cidades racionais de nova planta como é o caso de Ferrol.

A urbanización en España nos séculos XIX e XX

No século XIX xorde a nova cidade industrial cunha serie de cambios: crecemento das propias cidades e das industrias.

- A zona histórica modernízase e edifícanse vivendas en altura con novas prazas e alargamentos (Barcelona, Madrid, etc.).
- Entre 1900 e 1939 ampliáanse as cidades con novos alargamentos na periferia (cidades xardín, a Cidade Lineal de Arturo Soria, en Madrid, etc.).
- A partir da segunda metade do século XX prodúcese unha reconstrución das cidades tras a guerra. O éxodo rural cara ás cidades vai propiciar a aparición de infravivendas e a planificación e a creación de vivendas de protección oficial.

- Os centros históricos comezan unha fase de abandono e deterioración, e aparecen barrios periféricos e polígonos industriais.
- Actualmente inténtase revitalizar as cidades rehabilitando os centros históricos. Aparecen parques temáticos. O urbanismo descontrolado provoca o desenvolvemento de municipios limítrofes coas cidades, carentes das infraestruturas necesarias.

As áreas metropolitanas

Durante os anos setenta do século XIX desenvolveuse unha serie de cambios:

- Os municipios que rodean unha cidade creceron formando as áreas metropolitanas.
- A actividade industrial localizouse nestas áreas metropolitanas.
- Estas zonas teñen un importante peso económico e demográfico, o que acentuou os desequilibrios territoriais.
- Actualmente, as áreas metropolitanas tenden á expansión sobre os territorios circundantes. O prezo da vivenda incrementouse, igual que os problemas de tráfico, a delincuencia, a contaminación, etc.

Evolución histórica das cidades galegas

Os primeiros núcleos urbanos

- Naceron coa romanización. O mellor exemplo é a cidade de Lugo. Coa caída do mundo romano produciuse unha ruralización.
- Durante a Idade Media desenvóléronse pequenas cidades e vilas en torno ao Camiño de Santiago.
- O crecemento urbano entre os séculos XVI e XIX foi moi lento, e destacan Santiago, Pontevedra, A Coruña e as sés episcopais.

A transformación do século XIX

- A partir de 1833, coa nova división do territorio en catro provincias, desenvólvense as cidades capitais. O gran desenvolvemento de Vigo, A Coruña, Ferrol e outras vilas costeiras prodúcese pola industrialización e o desenvolvemento da actividade portuaria.

No século XX

- Durante o primeiro terzo as cidades consolídanse, pero a guerra civil vai paralizar o proceso.
- Será nos anos sesenta e setenta o momento do grande crecemento das cidades galegas, pero de xeito descontrolado.
- Nos anos oitenta desenvólvese o proceso de urbanización das Rías Baixas e do golfo Ártabro. As vilas do interior reciben a poboación rural da provincia, que sofre un proceso acelerado de avellentamento.
- Algunhas vilas próximas ás cidades cobran importancia.


A rede urbana galega

- Galicia ten un elevado número de núcleos de poboación:
- A grande maioría deses núcleos son aldeas dispersas.

- Están despois as vilas, que son núcleos de tamaño medio, cabezas de comarca e importantes polos seus mercados.
- As principais cidades son sete: Vigo, A Coruña, Ourense, Santiago de Compostela, Lugo, Pontevedra e Ferrol. Nelas, produciuse un crecemento importante na periferia (cidade difusa), onde se instalan polígonos industriais e servizos públicos, que precisan redes viarias especializadas.
- A estrutura urbana está xerarquizada así nestes tres niveis citados, segundo o tamaño dos núcleos.
- A poboación galega vive hoxe maioritariamente en núcleos urbanos.
- Estase a producir o desenvolvemento da Eurorrexión Atlántica, zona de grande urbanización, cunha forte cooperación entre Galicia e o Norte de Portugal.

Os plans xerais de ordenación urbana (PXOU)

- Son os instrumentos oficiais utilizados para planificar o crecemento das cidades españolas. O PXOU dunha localidade cualifica o terreo en:
 - Urbano: terreo que está edificado ou urbanizado.
 - Urbanizable: onde se podería construír despois de ser acondicionado con rúas, iluminación, redes de sumidoiros e outras infraestruturas.
 - Non urbanizable: espazo protexido para uso agrícola ou gandeiro, ou por outro motivo.
- A cualificación dun terreo non é permanente e pode cambiarse. Chámase entón terreo recualificado. O PXOU establece o uso que se lle vai dar ao terreo, e tamén ao que se decide recualificar.
 - Uso residencial: bloques de vivendas abertos, barrios pechados, vivendas unifamiliares, etc.
 - Uso de servizos comúns: xardíns, colexios, polideportivos, bibliotecas, centros comerciais, etc.
 - Uso industrial: polígonos industriais, parques empresariais, parques científicos e tecnolóxicos, etc.
 - Infraestruturas: rúas, estradas, vías férreas, estacións de ferrocarril, instalacións eléctricas, etc.
- Na confección do PXOU interveñen tres tipos de axentes: axentes públicos, axentes privados e a cidadanía.



4.3 Secuencia de actividades

- S45. Enumere as diferenzas entre o hábitat rural e o urbano, e entre poboamento concentrado e disperso.




- S46. Que tipo de poboación vive no medio rural en Galicia?




- S47. Analice os seguintes datos:




A POBOACIÓN URBANA E RURAL NO MUNDO EN 2001

Ámbito	Urbana	Rural	Total
▪ Mundo	2.923.182.000	3.210.954.200	6.134.136.000
▪ Países desenvolvidos	901.637.000	292.225.000	1.193.861.000
▪ En vías de desenvolvemento	2.021.546.000	2.918.729.000	4.940.274.000

S48. Analice os seguintes planos de cidades.

		
<p>Tipo de plano</p>	<p>Tipo de plano</p>	<p>Tipo de plano</p>
<p>Características</p>	<p>Características</p>	<p>Características</p>

		
<p>Tipo de plano</p>	<p>Tipo de plano</p>	<p>Tipo de plano</p>
<p>Características</p>	<p>Características</p>	<p>Características</p>

		 FURNES (FLANDES) - CIUDAD JARDIN? (1590)
Tipo de plano	Tipo de plano	Tipo de plano
Características	Características	Características

S49. Realice unha gráfica comparativa cos datos da táboa e analice os resultados. Que é unha megalópole? Que problemas traen consigo as megalópoles?

Majores urbes en 1994		
Posto	Cidade	Millóns
1	Tokio	26.5
2	Nova York	16.3
3	San Paulo	16.1
4	México DF	15.5
5	Shanghai	14.7
6	Bombai	14.5
7	Os Ánxeles	12.2
8	Beijing	12.0
9	Calcuta	11.5
10	Seúl	11.5
11	lakarta	11.0
12	Bos Aires	10.9
13	Osaka	10.6
14	Tianjin	10.4

Previsión para 2015		
Posto	Cidade	Millóns
1	Tokio	28.7
11	Nova York	17.6
6	San Paulo	20.8
10	México DF	18.8
4	Shanghai	23.4
2	Bombai	27.4
17	Os Ánxeles	14.3
8	Beijing	19.4
12	Calcuta	17.6
18	Seúl	13.1
5	lakarta	21.2
19	Bos Aires	12.4
24	Osaka	10.6
14	Tianjin	17.0

15	Río de Xaneiro	9.8
16	Lagos	9.7
17	Nova Delhi	9.5
18	Karachi	9.5
19	París	9.4
20	O Cairo	9.4

21	Río de Xaneiro	11.6
3	Lagos	24.4
13	Nova Delhi	17.6
7	Karachi	20.6
29	París	9.6
16	O Cairo	14.5


S50. Escriba no cadro o nome das cidades anteriores, no continente correspondente.

Continente	Cidade	Poboación

S51. Localice as grandes megalópoles nun mapa. Que consecuencias se derivan da súa localización xeográfica? Que países son os máis urbanizados? Onde crecen máis as cidades na actualidade?



S52. Describa a estrutura urbana.



S53. Una cada lugar ou área dunha cidade coa zona desta onde se localiza.

■ Industrias
■ Concello
■ Rúas estreitas
■ Urbanizacións
■ Comercios
■ Hipermercados

■ Centro
■ Barrios residenciais
■ Periferia

S54. Defina os seguintes conceptos:


<ul style="list-style-type: none"> ▪ Cidade 	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Megacidade 	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Área metropolitana 	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Conurbación 	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Megalópole 	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Metrópole mundial, nacional e rexional 	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Hábitat 	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Hábitat rural 	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Hábitat urbano 	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Poboamento 	

S55. Relacione mediante frechas estas cidades coa súa función predominante:


<ul style="list-style-type: none"> ▪ Santiago
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Vigo
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Madrid
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Roma
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Barcelona
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Nova York

Función industrial
Función turística
Función universitaria
Función cultural
Función administrativa
Función relixiosa


- S56.** Enumere as diferenzas entre as cidades do mundo subdesenvolvido e as do mundo non desenvolvido.



- S57.** A súa localidade é unha aldea, unha vila ou unha cidade? Enumere os criterios que levan a clasificala nese grupo.



- S58.** Investigue na súa cidade, ou na máis próxima á localidade en que vostede viva, a historia do seu urbanismo, a súa planificación e a súa estrutura. Coa axuda do seu profesor ou da súa profesora, procure no plano da cidade e coloree as zonas que visita máis frecuentemente, aquelas onde vostede nunca estivera, as zonas de negocios, de compras e de diversións. Ten casco histórico?



S59. Comente a seguinte táboa:

Evolución da poboación das principais cidades da península ibérica (1950-2015), en milleiros de habitantes											
Cidade	1950	1960	1970	1980	1985	1990	1995	2000	2005	2010	2015
Barcelona	1.556	1.948	2.663	3.070	3.010	2.913	2.819	2.729	=	=	=
Madrid	1.550	2.228	3.370	4.296	4.273	4.172	4.072	3.976	=	=	=
Lisboa	778	895	1.043	1.313	1.762	2.434	3.363	3.861	4.232	4.472	4.544
Porto	362	436	465	542	758	1.107	1.615	1.940	2.189	2.347	2.400

S60. Sinale no mapa de España as principais cidades. En que zonas se localizan esas cidades? Cales son as máis importantes? E as máis poboadas? Que provincias son as máis urbanizadas? E as que teñen maior poboación rural?




S61. Cal é o principal problema do seu núcleo urbano (ou do máis próximo)? Que factores provocan estes problemas e cal é a posible solución?


- S62. Coa axuda do seu profesor ou da súa profesora, investigue a evolución histórica do urbanismo da cidade de Santiago desde a Idade Media ata os nosos días. Que funcións ten actualmente a cidade de Santiago?



- S63. Que é unha área metropolitana? Procure información sobre a área metropolitana de Vigo e as súas características.




S64. Que é unha área difusa? Que inconvenientes se derivan dela?




S65. Que consecuencias ambientais se derivan do crecemento urbano?



S66. Investigue, coa axuda do seu profesor ou da súa profesora, as cidades españolas Patrimonio da Humanidade e as súas características (pode consultar en internet no enderezo <http://www.patrimonio-mundial.com>).




S67. Por que é importante o PXOU? Complete o seguinte esquema



S68. Enumere os principais problemas das cidades españolas e galegas.

A large, empty rectangular box with an orange border, intended for the student to list the main urban problems of Spanish and Galician cities.

S69. Analice este mapa do urbanismo en Galicia e escriba as súas conclusións.





S70. Compare estas fotografías e explique as características destas cidades.



■ Poboado de chabolas:



■ Cidade de México:



■ Río de Xaneiro:

5. A complexidade e a diversidade social na actualidade

5.1 Para sabermos

Nocións xerais

- Os grupos humanos teñen distintos niveis de desenvolvemento económico e social, e diferentes xeitos de vida. En grandes liñas, podemos establecer tres tipos de sociedades:
 - Sociedades rurais.
 - Sociedades industriais.
 - Sociedades postindustriais.
- A diversidade cultural no mundo fai posible que cada civilización teña a súa propia concepción do mundo, sinais de identidade, lingua, relixións, costumes, mentalidades, técnicas, formas de goberno, etc.
- Na sociedade actual podemos distinguir unha serie de grandes civilizacións (a occidental, a eslava, a chinesa, a islámica, etc.) e, dentro de cada unha, unha serie de culturas propias.
- A sociedade actual, sometida a un intenso proceso de globalización, presenta unha serie de grandes retos:
 - A convivencia entre maiorías e minorías culturais.
 - A desaparición de culturas.
 - O fundamentalismo e a intolerancia.
- A nosa propia cultura galega pode sufrir un proceso de aculturación e desaparecer, polo que é cómpre protexermos o noso patrimonio cultural material e inmaterial para o futuro.

As sociedades actuais

- As sociedades actuais están formadas por grupos estratificados e xerarquizados. As diferenzas sociais comezaron a establecerse coa revolución neolítica. Durante o mundo antigo desenvóléronse relacións sociais de dependencia de tipo escravista (Grecia e Roma); na Idade Media esas relacións foron de carácter feudal e estamental, e continuaron así durante o Antigo Réxime, ata a consolidación da Revolución Industrial, cando xorde unha sociedade capitalista de clases.
- A sociedade tradicional transformouse no mundo occidental paralelamente ás transformacións económicas, cambiando profundamente os trazos da sociedade patriarcal e rural. A progresiva incorporación da muller ao mundo laboral e de dereitos, o descenso da natalidade e do número de fillos por familia, e o avellentamento da poboación cambiaron a fisionomía das nosas sociedades capitalistas.
- Problemas sociais:
 - Marxinación e discriminación.
 - Violencia.
 - Desigualdade social.
 - Delincuencia e crime organizado.

- Acceso á vivenda.


A sociedade galega actual

- A sociedade rural tradicional transformouse a partir da década dos 70 grazas ao proceso urbanístico e á industrialización, que provocaron o éxodo rural e a emigración.
- A familia actual ten menos fillos e a muller foise incorporando á vida laboral, abandonando os tradicionais labores do campo e do fogar. Malia destes cambios fundamentais, as mulleres galegas seguen discriminadas no traballo, con soldos menores que os homes.
- Na nosa poboación, predominan numericamente as mulleres, sobre todo as maiores de 65 anos, e cada vez son máis as que estudan e van á universidade.
- Desde o punto de vista lingüístico, a sociedade tradicional monolingüe en galego está a dar paso a unha sociedade bilingüe e diglósica, que está perdendo falantes de galego, cunha tendencia negativa para a lingua.
- Estes son os retos da sociedade galega actual:
 - Freo do despoboamento interior.
 - Freo do avellentamento da poboación.
 - Incremento d rendibilidade do sector primario.
 - Loita contra o desemprego e a pobreza.
 - Control do crecemento urbanístico e respecto pola paisaxe e pola arquitectura tradicional.
 - Acollemento de inmigrantes.
 - Mitigación da emigración da xente nova galega.

5.2 Vocabulario

- **Arrabalde:** barrio periférico dun núcleo urbano.
- **Conurbación:** fórmanse conurbacións cando as áreas metropolitanas de dúas ou máis cidades chegan a unirse, como é o caso de Amsterdam, Utrecht, Róterdam e A Haia, nos Países Baixos.
- **Emprazamento:** localización concreta dunha cidade. Moitas cidades actuais xorden dun emprazamento primitivo que posteriormente foi estendéndose.
- **Explosión demográfica:** extraordinario aumento da poboación debido á diminución da mortalidade, entanto que a natalidade segue a ser elevada. Nos países occidentais (Europa e EEUU) produciuse durante o século XIX, e actualmente están nesta fase os países subdesenvolvidos.
- **Éxodo rural:** emigración cara ás cidades das persoas que vivían no campo. Como consecuencia, prodúcese o abandono do hábitat rural e o incremento do hábitat urbano.
- **Hábitat:** designa o espazo habitado. Pode ser rural ou urbano.
 - Hábitat rural: a poboación vive no campo en poboamento disperso ou en poboamento concentrado.
 - Hábitat urbano: a poboación vive nas cidades. Os aspectos que definen unha cidade son o seu tamaño, a densidade de poboación e de edificación, e as actividades económicas da poboación (sector secundario e de servizos).
- **Poboamento:** reflicte o xeito en que se de distribúen as edificacións. Xa que logo, fála-se de poboamento disperso e concentrado.

- **Plan urbanístico:** é un instrumento elaborado polos poderes públicos e que se ocupa da ordenación do conxunto urbano. Elabórase para resolver os problemas que presentan as cidades, como é a falta de vivendas, de infraestruturas e de servizos.
- **Megalópole:** enorme cidade, formada pola unión de varias cidades ao longo de centos de quilómetros. Trátase de varias conurbacións enlazadas entre si. Unha delas actúa como un centro do que dependen outros poboamentos circundantes. As dúas megalópolis maiores do mundo atópanse na costa xaponesa do Pacífico (Tokío- Fukuoka) e na costa leste de Estados Unidos (Boston-Washington). Neste último país tamén está a megalópole que se estende entre Chicago e Pittsburgh. En Europa, a rexión londinense e a de Renania.
- **Metrópole:** aglomeración urbana de máis de 250.000 habitantes, que adoita concentrar industrias e servizos avanzados para os seus habitantes e para os dunha área de influencia de carácter rexional, nacional ou mundial.
- **Megacidade:** cidades xigantes que albergan a unha poboación superior aos dez millóns de habitantes.
- **Plano urbano:** permítenos coñecer como é a actividade da cidade internamente, e como se distribúen as rúas, os edificios, as prazas, os parques, etc.
- **Plano irregular:** propio dunha poboación sometida a un crecemento urbano non planificado. É típico de cidades antigas, pero tamén das actuais que son froito da especulación.
- **Plano regular:** propio de poboacións sometidas a un crecemento planificado, regular e ordenado (plano ortogonal ou radiocéntrico). As primeiras cidades coñecidas sometidas a este tipo de planificación son as de Mileto (Hipódamo de Mileto), en Grecia, e as cidades romanas.
- **Estrutura interna** das cidades: a cidade pode estar dividida nun centro histórico, en zonas residenciais, de servizos (localizados no centro urbano) e industriais.
- **Área metropolitana:** utilizamos este termo cando nos referimos a unha grande cidade ou metrópole e á extensa zona urbana circundante (que comprende varios núcleos de poboación menores e que dependen, para os seus empregos e servizos, desa gran cidade). Así, falamos das áreas metropolitanas de Madrid ou de Barcelona.



- **Cidade difusa e áreas metropolitanas.** Trátase dun territorio formado por unha grande metrópole e un conxunto de núcleos urbanos menores próximos a ela.


A cidade difusa caracterízase por organizar as actividades en función das necesidades da metrópole. Medra por mor do alto prezo do solo nas grandes cidades. Está ben conectada cunha ampla rede de transporte. Implica inconvenientes: ocupar moito solo, a poboación sofre mobilidade, a convivencia social é individualista, etc.

- **Plans xerais de ordenación urbana (PXOU):** son os instrumentos oficiais utilizados para planificar o crecemento das cidades españolas. O PXOU nunha localidade cualifica o terreo en:
 - Urbano : terreo que está edificado ou urbanizado.
 - Urbanizable: onde se podería construír despois de ser acondicionado con rúas, iluminación, redes de sumidoiros e outro tipo de infraestruturas.
 - Non urbanizable: protexido para uso agrícola ou gandeiro, ou por calquera outro motivo.


A cualificación dun terreo non é permanente e pode ser **recualificado**. O PXOU establece o uso que se lle vai dar ao terreo, e tamén ao que se decide recualificar.
 - Uso residencial: bloques de vivendas abertos, barrios pechados, vivendas unifamiliares, etc.
 - Uso para servizos comúns: xardíns, colexios, polideportivos, bibliotecas, centros comerciais, etc.
 - Uso industrial: polígonos industriais, parques empresariais, parques científicos e tecnolóxicos, etc.
 - Infraestruturas: rúas, estradas, vías férreas, estacións de ferrocarril, instalacións eléctricas, etc.
- **Superpoboación:** concepto utilizado para definir a relación entre a poboación e os recursos de que dispón. Está en relación coa riqueza dispoñible e non coa superficie que ocupa.

5.3 Secuencia de actividades

S71. Como se pode clasificar a sociedade española actual: rural, industrial ou postindustrial? Por que? E a galega?




S72. Explique a diferenza entre civilización e cultura.



S73. Procure información de culturas indíxenas ameazadas e analice os problemas que se derivan da súa extinción.



S74. Faga un esquema coas linguas máis faladas no mundo.



S75. Cal é a súa lingua materna? Pensa que está ameazada? Xustifique a súa opinión.



S76. Pensa que a relixión pode nalgún momento ser fonte de conflitos? Razoe a súa resposta.



- S77.** Procure información e analice casos de fundamentalismo en deversas relixións. Faga un pequeno debate na clase sobre este fenómeno.

Empty box for student response to S77.

- S78.** Procure información na súa familia sobre os cambios que sufriu a sociedade galega ao longo do século XX.

Empty box for student response to S78.

- S79.** Fíxese na fotografía que aparece deseguido e explique os trazos esenciais da sociedade galega tradicional. Compáreos coa actual.



Empty box for student response to S79.